

XIX CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte –entidade que promove o Belén Electrónico– co patrocinio da aula de cultura de CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1994, ven de convoca-lo «XIX CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL», que se vai rexir polas seguintes BASES:

- 1.–Poden participar tódolos poetas que o deseen, con textos en galego ou castelán.
- 2.–O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
- 3.–Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
- 4.–É libre a construcción dos poemas e a medida dos versos.
- 5.–Hanse concede-los seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuña de Sargadelos.

6.–A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, denantes das doce horas do día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e cinco.

7.–Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.
BEGONTE (Lugo), novembro de 1994

BASES